
Vós sodes mui fraqueliña molher. Sobre a sufixación apreciativa na poesía trobadoresca profana

Xosé Ramón Freixeiro Mato
 Universidade da Coruña
 freixei@udc.es

1. Introducción. A sufixación apreciativa

Hai unha serie de sufixos que alteran semanticamente a base dun modo subxectivo ou emocional, mais que non mudan a súa categoría gramatical. Son os sufixos apreciativos, que poden subdividirse en: diminutivos, aumentativos, pexorativos e intensificadores.

O sistema dos sufixos apreciativos en galego caracterízase pola súa morfoloxía recursiva, que permite a acumulación de sufixos sobre a mesma base; nos textos trobadorescos profanos é a combinación de diminutivos *-el-o* + *-inh-o* a única que se detecta (*moça* → **mocela* → *mocelinha* 765.14; *fraca* → **fraquela* → *fraquelinha* 1518.3)¹, con *-iñ-o* a se colocar sempre na última posición (*galguili[nh]o* 452.5); outras posibilidades acumulativas, de existiren, non se trasladan á lingua escrita medieval.

Nos sufixos apreciativos, as variantes alomórficas son escasas, a se reduciren case en exclusiva á aparición do interfixo *-c/-z-* en determinados contextos no galego común, presente xa no galego medieval, e en concreto na poesía trobadoresca profana, após ditongo crecente (*baiozinho* 587.11), consoante nasal (*baroncinho* 1651.4) ou mesmo <ɾ>, embora nin sempre (*molhercinha* 1367.10 vs. *pastorinho* 274.15)².

1 Para as referencias ás cantigas da poesía profana, utilizamos o sistema de Jean Marie D’Heur (número de cantiga + número de verso), que, con correccións e emendas, é o empregado na elaboración do GLOSSA (Ferreiro 2014). Os criterios de edición utilizados son os propostos en Ferreiro & Martínez Pereiro & Tato Fontaíña (2007).

Por outro lado, este traballo inscribíase no proxecto de investigación *Glosario crítica da poesía medieval galego-portuguesa* (FFI2009-08917 e FFI2012-32801), subsidiado polo “Ministerio de Economía y Competitividad”.

2 Véxase Alonso Núñez (2004: 22-25) para a alomorfía na lingua medieval e Alonso Núñez (2000: 161-162) no galego actual. Sobre esta cuestión véxase tamén Álvarez (2001), que establece unha comparación entre galego e portugués a respecto das variantes alomórficas dos diminutivos; a respecto do diminutivo na Galiza e en Portugal, véxase igualmente Freixeiro (1996b).

Neste corpus textual só achamos exemplos de sufixos apreciativos a operaren sobre nomes substantivos (*çapaton* 459.10) e nomes adxectivos (*fremosinhas* 1278.2).

2. Os apreciativos diminutivos

As posibilidades significativas e expresivas que ofrecen os diminutivos son moito variadas, como puxo de manifesto Martins (1989: 114) e tal variedade está xa presente na época medieval, como logo se verá, embora con evidente menor frecuencia de uso. Son produtivos na poesía trobadoresca *-el-o* a través da combinación *-elinh-o*, *-et-e/-a* e sobre todo *-inh-o*. Para Alonso Núñez (2000: 147) *-el-o* hoxe non é produtivo con bases substantivas nin adxectivas, mais “tamén estaba morto no galego medieval, xa que non hai ningún exemplo no cal *-el-* lle achegue á base un significado de diminución” (Alonso Núñez 2004: 17). Débese entender isto referido á época da lingua escrita, pois durante o período medieval competiu con *-inh-o* como diminutivo, até perder a batalla, e mantivo a produtividade como tal desde a segunda metade do século XII só na combinación *-elinh-o*, aspectos que trataremos a seguir.

2.1. O sufixo diminutivo *-inh-o*

Entre os chamados sufixos diminutivos, tórnase evidente que en galego *-iñ-o* ocupa un destacadísimo lugar, face ao cal todos os demais desempeñan un papel moito secundario³. Xa na poesía trobadoresca profana *-inh-o*, en ocasións combinado con *-el-o*, dominaba con clareza entre os apreciativos diminutivos –doce formas diferentes atestadas en *-inh-o* face a catro de *-et-e/-et-a* na poesía trobadoresca profana–, aínda que no conxunto de apreciativos acha en *-on* un firme competidor –con catorce formas diferenciadas no mesmo corpus.

2.1.1. Orixe e significado deste sufixo

Hai coincidencia xeral en que provén do latín *-īnu* (Allen 1941: 72, Skorge 1956/1957: 54, Pérez Barreiro 1931: 318, González Fernández 1978: 25 etc.). Ora, máis complicado é explicar a orixe do seu valor diminutivo, pois primeiramente indicaba unha relación de pertenza ou semellanza, que non supuña modificación conceptual ningunha a respecto das palabras base, por exemplo *columbina* ou *diamantino*

3 Véxase Álvarez (2001: 92): “Para a inmensa maioría dos galegos a única forma posible do diminutivo é *-iñ-*, e é mesmo frecuente que os galegos empreguen como morfo avaliativo *-iño* cando falan español, sobre todo con valor afectivo”.

(A. Alonso 1982: 162); como a terminación *-INUS* se aplicaba con frecuencia a crías de animais (Pérez Barreiro 1931: 319), do tipo de *PŪLLUS CICONĪNUS* ('polo da cegoña'), *PŪLLUS ASINĪNUS* ('polo da asna') ou *PŪLLUS PALUMBĪNUS* ('polo da pomba'), ao se referir a animais máis pequenos pasaría a adquirir valor diminutivo, que talvez se debeu dar xa no latín, porque existe no italiano, alén de na parte occidental da península ibérica. Novais (2003: 108), por seu turno, afirma que *-inh-* pasa de ítem lexical co significado de 'crianza' a ítem gramatical "revelando a diminuição de objectos e de grau", e tamén comeza a ser usado "como expressão valorativa e emotiva e chega a funcionar como elemento de interacción verbal".

No territorio peninsular pervive a solución *-in-o* en cultismos como *divino* ou *crystalino*, co seu significado latino orixinario, mais nas voces patrimoniais evoluiu no dominio galego-portugués a *-inh-o/-iñ-o* e a *-ín* no noroeste do dominio leonés e en Asturias, a coexistiren no Bierzo *-iñ-o* e *-ín*; fóra destes territorios o sufixo mantén a forma *-in-o*, salvo casos illados⁴, mais xa cun rendemento e usos moito menores. No asturiano este sufixo é de uso corrente como diminutivo, chegando a afirmar Zamora Vicente (1974: 163) que non hai outro sufixo para o diminutivo nesa zona.

O sufixo latino *-ĪNU* foi asumindo paulatinamente valores de diminutivo, en desvantaxosa competencia con *-el-o* (do lat. *-ĒLLU*), que debía ser o sufixo diminutivo por excelencia. Inclusive Skorge (1956/1957: 222) mostra a súa estrañeza por non achar *-INU* como diminutivo en textos medievais latinos. Porén, Álvarez (2009: 24-26) repara en que na documentación galega redixida en latín antes do século XIII e neste mesmo século se atestan formas en que combina un sufixo latino *-ILLU* con *-INU*, nomeadamente en formas antroponímicas; así, dá conta dun "Lupilino da Costa" nun documento de 1240 achado en San Clodio do Ribeiro, que xustificaría unha "cadea morfolóxica *Lupo>Lupilo>Lupilino*"; e, após unha visita á base CODOLGA, confirmanos "a abundancia de *-ILLINU* nos textos, formado sobre a base da variante *-ILLU* do diminutivo latino", que é "sistemática en *Arquilinos ~ Arquilinis ~ Arquillinis ~ Arquilinus* (hoxe *Arquillinos* [Zamora], dim. de Arcos), amplamente documentado"; e acrecenta que de "28 ocorrencias do dim. de *Petrus*, máis ou menos romanceadas, 25 son de *Petrilinus ~ Petrilino ~ Petrillino*, entre 1225 e 1256, procedentes de Ramirás, Oseira e Ourense" (Álvarez 2009: 25). De todas as formas, o vigor e puxanza de *-inh-o* debeu ser moi grande, pois o seu triunfo acabou por ser irresistible, segundo se pode ver no galego moderno, onde *-el-o* ficou improductivo. Como máis unha mostra deste vigor de *-iñ-o* na época moderna, xa

4 Afirmar Zamora Vicente (1974: 162): "Formas portuguesas se encuentran a lo largo de la frontera, de vez en cuando, a medida que se va avanzando hacia el sur: *juciña, juicino* 'especie de hoz', en Vilvestre (Salamanca), *escupiña* 'saliva', en Sayago y Badajoz, y algunas más. Fuera de la zona noroeste, el sufijo tiene la forma plena, *-ino*".

constatara Zamora Vicente (1974: 164) que en Miranda “el sufijo corriente para el diminutivo es *-ico*, pero el portugués *-inho* va invadiendo todo”.

2.1.2. A presenza de *-inh-o* na poesía trobadoresca profana

Ao seren no galego actual as funcións predominantes dos diminutivos, e moito especialmente de *-iñ-o*, as que pertencen ao plano afectivo e activo da lingua, e tendo tamén en conta que *-inh-o* no século XIII era unha forma relativamente nova, sendo a lingua literaria máis ben conservadora, cabe pensar que aínda non tivese daquela adquirido ou consolidado a multiplicidade de usos e valores que hoxe posúe e que o fan tan produtivo; mais os escasos exemplos achados xa apuntan cara aos usos modernos. As funcións destes diminutivos parecen indicar xa nalgúns casos usos non especificamente diminuidores, como se pode ver nestes exemplos: *E mal dia nom ensandeci / e pacesse das ervas / e nom viss'*, u primeiro vi, / a mui **fremosinha** d'Elvas (1617.12); *Pois que a guirlanda fez a pastor / foi-se cantando indo-s'én manselinho* (864.26); *Sedia la fremosa seu sirgo torcendo, / sa voz manselinha fremoso dizendo / cantigas d'amigo* (735.2). No primeiro caso *fremosinha* non só non indica diminución da calidade como a súa intensificación mediante o adverbio *mui*, de modo que o sufixo ten de achegar outro valor, como o afectivo; no segundo o adverbio *manselinho* presupón unha intensificación do significado expresado pola base, como acontece con *cediño* no galego actual; no terceiro caso *manselinha* ten o valor ponderativo propio dos adxectivos con tal sufixación, sen que en ningún caso se exclúa o ton afectivo que polo xeral costuma posuír tamén.

A escaseza do sufixo *-inh-o* na literatura medieval xa foi resaltada por Carballo Calero (1979: 170), mais tamén González Fernández (1978: 20) puxo en relevo a escasa presenza de diminutivos no galego antigo e particularmente nos cancioneiros, sen que ningún deles aventurase unha explicación para ese feito. O motivo que se pode argüír en xeral talvez sexa un menor aproveitamento literario dos recursos expresivos do idioma debido ao estado incipiente da lingua escrita en romance, pois na fala o uso debía de estar bastante estendido, como atesta a numerosa presenza de formas diminutivas na toponimia e a variedade de matices significativos que presentan as escasas formas literarias, en liña cos valores actuais dos sufixos apreciativos. No entanto, convén analizarmos a presenza ou ausencia do sufixo por xéneros, pois é evidente que a natureza destes se torna un factor determinante ao respecto. Nun percorrido polo cancionero profano medieval só achamos catro diminutivos con este sufixo nas cantigas de amor, todos pertencentes á categoría nominal: *mocelinha*, *pastorinha*, *manselinha* e *fremosinha*, esta con dúas ocorrencias, que aparecen nos seguintes contextos⁵:

5 Tamén *mesquinho*, *festinho*, *Marinha*, *vezinha* e *rainha* presentan esa terminación mais son formas non-diminutivas. No *Cancioneiro da Ajuda* editado por Carolina Michaëlis é *pastorinha* o único

–*Que feramente as todas venceu / a **mocelinha**! En pouca sazon / de parecer todas vençudas son* (“Vi oj’eu donas mui ben parecer”, de Joan Garcia de Guilhade, 765.14).

–*E nunca vi cousa tan desguisada / de chamar ome “ama” tal molher / tan **pastorinh**’, e se lho non disser / por tod’esto que eu sei que lhe’aven* (“Atal vej’eu aqui ama chamada”, de Joan Soarez Coelho, 274.15).

–*A moça ben parecia / e en sa voz **manselinha** / cantou e diss’a menina* (“Ūa moça namorada”, de Lourenço, 1277.8).

–*Tres moças cantavan d’amor, mui **fremosinhas** pastores, / mui coitadas dos amores* (“Tres moças cantavan d’amor”, de Lourenço 1278.2).

–*E mal dia non ensandeci / e pacesse das ervas / e non viss’, u primeiro vi, / a mui **fremosinha** d’Elvas* (“Faz-m’agora por sí morrer”, de Vidal, 1617.12).

Se tivermos en conta que a cantiga de Garcia de Guilhade, as dúas de Lourenço e a de Vidal son de refrán e, por tanto, están próximas das cantigas de amigo, nomeadamente as dúas últimas, en canto a de Soarez Coelho, pertencente ao ciclo da ama, se podería incluír tamén dentro do xénero satírico, deberase concluír que a presenza de *-inh-o* nas cantigas de amor é moi baixa. A razón de tal ausencia explícase polo feito de se tratar dun tipo de composicións sometido a unha grande rixidez formal e conceptual, ben lonxe da espontaneidade propia dos contextos de utilización dun sufixo caracterizado polo seu valor expresivo asociado á fala coloquial.

Nas cantigas de amigo atéstanse cinco palabras: *baiozinho* (2 ocorrencias), *fremosinha* (4), *manselinha* (2), *manselinho* (1) e *passarinhas* (1), todas pertencentes á clase nominal (substantivos e adxectivos) menos o adverbio *manselinho*; eis os contextos de aparición⁶:

–*Vede la frol do pinho, / valha Deus, / selad’o **baiozinho** / e guisade [d’andar]. / Vede la frol do ramo, / valha Deus, / selad’o bel cavalo / e guisade [d’andar]. / Selad’o **baiozinho**, / valha Deus* (“Amad’e meu amigo”, de D. Denis, 587.11 e 17).

–*Dizia la **fremosinha**: / “Ai Deus, val! / Com’estou d’amor ferida, / ai Deus val!* (“Dizia la fremosinha”, de Afonso Sanchez, 781.1).

–*Ai **fremosinha**, se ben ajades, / longi de vila quen asperades? / –Vin atender meu amigo. / –Ai **fremosinha**, se gradoedes, / longi de vila quen atendedes?* (“Ai fremosinha, se ben ajades”, de Bernal de Bonaval, 1139.1 e 4).

diminutivo atestado e aínda podería admitir unha interpretación como forma lexicalizada (Alonso Núñez 2004: 23). Agradezo a axuda facilitada polo profesor Manuel Ferreiro tanto no aspecto concreto da localización de formas sufixadas como noutros que me foron de grande axuda.

6 Figuran, alén do máis, palabras terminadas en *-inh-o* que non son diminutivos (*caminho*, *estorninho*, *pinho*) e a forma máis problemática *meninhas*.

–*Quen vis[s]e andar **fremosinha** / com’eu vi, d’amor coitada / e tan moito namorada* (“Quen vis[s]e andar fremosinha”, de Joan Zorro, 1161.1).

–*Sedia la fremosa seu sirgo torcendo, / sa voz **manselinha** fremoso dizendo / cantigas de amigo. / Sedia la fremosa seu sirgo lavrando, / sa voz **manselinha** fremoso cantando / cantigas [d’amigo]* (“Sedia la fremosa seu sirgo torcendo”, de Estevan Coelho, 735.2 e 5).

–*Pois que a grilanda fez a pastor; / foi-se cantando, indo-s’én **manselinho**, / e tornei-m’eu logo a meu caminho* (“Oi oj’eu ùa pastor cantar”, de Airas Nunez, 864.26).

–*ca diz o vervo ca non semeou / milho quen **passarinhas** receou* (“Oje quer’eu meu amigo veer”, de Joan Soarez Coelho, 697.17).

Aínda que tamén a cantiga de amigo está suxeita a canons rixidos, porén o ambiente íntimo e tradicional que recrea, dentro dunha atmosfera sentimental ben marcada, propicia unha relativa maior presenza do sufixo *-inh-o*, dentro da súa escaseza, a termos tamén en conta que as cantigas de amor que o incluían reproducen este mesmo clima afectivo.

Con todo, é nas cantigas satíricas onde máis casos de diminutivos en *-inh-o* se atestan, con oito palabras sufixadas: *ansarinhos*, *baroncinho*, *falconcinho*, *fraquelinha*, *galguilinho*, *molhercinha*, *pastorinha* (2 ocorrencias) e *pastorinho*; curiosamente, todas son categorialmente substantivos, excepto *fraquelinha*, e o seu valor diminuidor preséntase como máis evidente nestes casos, sendo posíbel nalgúns unha interpretación pexorativa, o cal é bastante coincidente co que costuma acontecer no galego actual. Estes son os diminutivos debidamente contextualizados:

–*Cómbian porcos frescos e toucinhos, / cabritos, cachaç’e **ansarinhos**; / mais non cómbian galinhas na guerra* (“Pôs conta el-rei en todas sas fronteiras”, de Gil Perez Conde, 1537.12).

–*Dade-m’alvissara, Pedr’Agudo, / e oimais sodes guarido: / vossa mulher á bon drudo, / **baroncinho** mui velido* (“Dade-m’alvissara, Pedr’Agudo”, de Pero da Ponte, 1651.4).

–*Mester avia Don Gil / ùu **falconci[nh]o** bornil / que non voasse / nemigalha nen filhass’, e / ùu **galguili[nh]o** vil / que ùa lebor; de mil, / non [a] filhasse* (“Mester avia Don Gil”, de Afonso X, 452.2 e 5).

–*vós sodes mui **fraquelinha** mulher / e ja máis cavalgar non podedes; / mais, cada que quiserdes cavalgar; / mandade sempr’a best[a] achegar / a un caralho de que cavalguedes* (“Dona Ouroana, pois ja besta avedes”, de Joan Garcia de Guilhade, 1518. 3).

–*Muito mi praz d’ũa ren / que fez Dona Marinha: / non quer seu marido ben, / e soub’a **pastorinha** / fogir: / Mal aja quen non servir / dona fremosa que fogir! / Ela fez end’o melhor; / a Deus seja gracido: / **molhercinha** tan pastor / saber a seu marido / fogir* (“Muito mi praz d’ũa ren”, de Lopo Lias, 1367.4 e 10).

–Alvar Rodrig[u]iz dá prezo d’esforço / a est’infant[e] mouro **pastorinho** / e diz que, pero parece menin[h]o, / que parar-se quer a tod’alvoroço (“Alvar Rodrig[u]iz dá prezo d’esforço”, de Estevan da Guarda, 1334.2).

–Escaralhado non pode seer / o que tantas filhas fez en Marinha, / e que ten ora outra **pastorinha** / prenhe que ora quer encaecer (“A ùu frade dizen escaralhado”, de Pero Garcia d’Ambroa, 1478.17).

Temos, pois, nove ocorrencias de diminutivos en *-inh-o* nas cantigas de escarnio e maldizer⁷, que se explican por estas utilizaren unha linguaxe popular cos seus recursos expresivos característicos, entre os cales está este sufixo, mais tamén outros como *-et-e*, *-ach-o*, *-uç-a* e nomeadamente *-on*, segundo logo se verá, que non costuman aparecer nos xéneros amorosos. De todos os modos, cómpre afirmarmos que, con relación ao número e extensión das cantigas satíricas conservadas, ben como da súa temática en moitos casos popular e coloquial, a presenza de palabras con sufixación apreciativa é máis ben escasa, a se confirmar así o criterio xeral anteriormente exposto de que os recursos expresivos da fala se van incorporando con lentitude á lingua literaria.

Como datos complementares, nas *Cantigas de Santa Maria* (CSM) áchanse os seguintes diminutivos en *-inh-o*, que mostran certa vitalidade do recurso: *ansarin[n]os*, *boïo*, *canpayã* / *campaynna*, *filynno*, *fillelinna*, *fremosio* / *fremosinna* / *fremosyo* / *fremosya*, *furadyнно*, *garridelinna*, *judeucyo*, *moçelinnos*, *ovellyã*, *papelynnas*, *passaryã* / *passarinha* / *passarynna*, *pastoryã* / *pastoryнно* / *pastorinno*, *pequenyo* / *pequeninno* / *pequenynna*, *tonelcyo*, *velloçinna* (Mettmann 1981); tal presenza de diminutivos nestas cantigas maniféstase “cando, ó acentua-los elementos cotiáns, se emprega a linguaxe real que fala o pobo” (Alonso Núñez 2004: 26). De acordo con este mesmo investigador, nin no glosario de *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, de Ramón Lorenzo, nin no glosario d’*O libro de notas de Álvaro Pérez*, de Tato, se atestan casos de *-inh-o* como auténtico diminutivo, de modo que “a prosa histórica carece, en xeral, de diminutivos” (Alonso Núñez 2004: 27). Nunha antoloxía da prosa literaria medieval da miña autoría (Freixeiro 1996c) tamén non se atestan casos de *-inh-o* a funcionar como diminutivo. Todos estes datos permiten ratificar que este sufixo tería, sen dúbida, ampla presenza na fala popular dos séculos finais do período medieval, mais só se ía incorporando con timidez á lingua literaria cando esta pretendía reproducir a maneira de aquela se expresar.

7 Outras palabras máis teñen a terminación sen seren diminutivas: *bainha*, *galinha*, *campinha*, *espinha*, *farinha*, *meezinha*, *vinho*, *arminhos*, *Martinho*, *mesquinho*, *linho*, *pinho*, *sobrinho*, *meninha* (?), *Gontinha* (*alcume*?), *caminha*, *meirinho*, *toucinho*, *devinhos*, *misquinha*, *ladinho*, *cozinha*, *festinho*, *maninho*.

2.2. A competencia entre *-el-o* e *-inh-o* no período medieval

Diego Catalán (1989) ofrécenos datos interesantes da loita entre *-el-o* e *-inh-o* por se imporen como sufixos diminutivos no ámbito galego-portugués a partir do seu estudo na toponimia peninsular. Na Galiza rexistrou 2.152 topónimos con *-iñ-o* e *-el-o* como diminutivos e 4.734 en Portugal, competindo *-iñ-o* en territorio galego en desvantaxe, pois aparece nun 39% de casos face a 61% restante de *-el-o*. Na parte occidental o primeiro tende a se equiparar con segundo (47% de media de *-iñ-o*) e na oriental está en notoria desvantaxe (só 27%). En Portugal, no seu conxunto, predomina *-inh-o* nunha proporción de 67%, moito superior á que se dá na Galiza; no Alentejo e o Algarve o predominio deste sufixo é total (92%).

Como se deduce dos datos fornecidos por Catalán, a proporción de *-inh-o* aumenta gradualmente conforme se avanza cara ao sur e isto explica o mesmo en relación coa cronoloxía da reconquista e a repoboación: cando se repoboa a rexión de Aveiro na primeira metade do século XI, *-inh-o* aínda non triunfara sobre *-el-o* na sufixación diminutiva; durante este século o uso do primeiro sufixo vai aumentando, embora se mantén bastante igualado co segundo; mais será ao longo do século XII, nomeadamente na segunda metade, “cuando *-inho* afirma su triunfo, arrinconando al latino *-elo*, hasta el punto de que, a comienzos del siglo siguiente, *-elo* puede darse por muerto” (Catalán 1989: 243).

No territorio galego, onde se conservou a vella xeografía lingüística por non ser necesaria a re-romanización, a toponimia conserva tamén o predominio inicial de *-el-o* sobre *-iñ-o*, en canto no centro e sobre todo no sur de Portugal, re-romanizados, o primitivo diminutivo *-el-o* foi sendo varrido polo vigoroso *-iñ-o*, aínda que a toponimia non reflicta a situación actual, pois o sufixo *-iñ-o* domina totalmente entre os diminutivos galegos, tendo de competir en Portugal con *-it-o* principalmente. Se *-el-o* pode darse por morto, como afirma Catalán, a comezos do século XIII e *-inh-o* fora xa claro triunfador na segunda metade do XII, após se manter máis ou menos igualado con *-el-o* desde a primeira metade do XI, isto vai ter a súa tradución dalgunha maneira na lírica medieval galego-portuguesa.

2.3. A forma *-elinh-ol/-elinh-a* na poesía trobadoresca profana

Nos textos poéticos trobadorescos atéstanse formas como *manselinho*, *mocelinha* ou *fraquelinha* onde se achan acumulados os sufixos *-el-o* + *-inh-o*, o que se pode interpretar como que *-el-o* non se sentía como diminutivo, ao ser xa un sufixo morto, segundo dixerá Catalán, e por conseguinte sería necesario outro sufixo como o triunfante *-inh-o* para cumprir esa función; ou ben que *-el-o* aínda era o sufixo propiamente diminutivo, xa en retirada, e *-inh-o* era outro sufixo con valor

diferente, talvez afectivo, que pouco a pouco foi asumindo tamén os valores de *-el-o*. Lémbrese aquí a orixe etimolóxica de *-iñ-o*; Amado Alonso (1982: 161) afirma que “el diminutivo, más bien, era el signo de un afecto”, aínda negando que este valor afectivo proveña do primitivo empequenecedor.

Nos textos medievais en prosa documental atéstanse dúas formas alternantes, *-ilinh-o* e *-elinh-o*, a primeira proveniente de *-illu* e a segunda probablemente con <e> aberto por o primeiro elemento da composición provir do sufixo latino *-ĕllu*, ambas “alomorfos do morfema diminutivo latino xerados en distintos contextos fónicos (*castrum/castellum* pero *signum/sigillum*), logo convertidos en morfos independentes, o que prepara o ascenso final de *-ellu/-ella* como sufixo produtivo no período imperial” (Álvarez 2009: 25-26). No corpus documental romance que esta investigadora manexa os testemuños de *-ilinh-o/-ilinh-a* son minoritarios e todos pertencen a voces onomásticas, salvo un *galguilinho* presente nun poema de Afonso X (véxase *supra*), face a unha maior presenza de formas con *-elinh-o*, *-elinh-a*. Tamén nos di esta autora que a maior parte dos testemuños documentais pertencen á área lucuauriense, “con especial incidencia en territorio ourensán” e con decrecemento segundo se avanza cara ao norte, chegando á conclusión de que “as coleccións documentais do norte de Galicia non achegan ningún testemuño desta formación” e que, por consecuencia, o mapa toponímico da Galiza actual “mostra que os topónimos susceptibles de ser explicados por derivación con *-eliño/-eliña* son basicamente meridionais” (Álvarez 2009: 30).

Como se dixo anteriormente, na poesía trobadoresca profana atéstanse varios casos de diminutivos en *-elinh-o*, *-elinh-a*. Son os seguintes, por xéneros e debidamente contextualizados:

a) Cantigas de amor:

–*Que feramente as todas venceu / a **mocelinha**! En pouca sazon / de parecer todas vençudas son* (“Vi oj’eu donas mui ben parecer”, de Joan García de Guillhade, 765.14).

–*A moça ben parecia / e en sa voz **manselinha** / cantou e diss’a meninha* (“Ūa moça namorada”, de Lourenço, 1277.8).

b) Cantigas de amigo:

–*Sedia la fremosa seu sirgo torcendo, / sa voz **manselinha** fremoso dizendo / cantigas de amigo. / Sedia la fremosa seu sirgo lavrando, / sa voz **manselinha** fremoso cantando / cantigas [d’ amigo]* (“Sedia la fremosa seu sirgo torcendo”, de Estevan Coelho, 735.2/735.5).

–*Pois que a grilanda fez a pastor, / foi-se cantando, indo-s’én **manselinho**, / e tornei-m’eu logo a meu caminho* (“Oi oj’eu ũa pastor cantar”, de Airas Nunez, 864.26).

c) Cantigas satíricas:

–*Mester avia Don Gil / ñu falconci[nh]o bornil / que non voasse / nemigalha nen filhass’, e / ñu galguili[nh]o vil / que ña lebor, de mil, / non [a] filhasse* (“Mester avia Don Gil”, de Afonso X, 452.5).

–*vós sodes mui fraquelinha molher / e ja máis cavalgar non podedes; / mais, cada que quisedes cavalgar; / mandade sempr’a best[a] achegar / a un caralho de que cavalguedes* (“Dona Ouroana, pois ja besta avedes”, de Joan García de Guilhade, 1518.3).

Con relación a esta presenza da combinación *-elinh-o/-a* cómpre destacar, en primeiro lugar, que se produce unha situación de equilibrio entre os distintos xéneros, con poucas ocorrencias de todas as maneiras. Mais, en segundo lugar, tamén se debe reparar, como fai Álvarez (2009: 30), en que “[n]on hai pegadas de *-eliño* e variantes nos poetas das primeiras xeracións”, de modo que os primeiros rexistros corresponden xa ao período de ‘expansión’ (1240-1300): García de Guilhade documéntase no período 1239-1270, Lourenço exerce actividade durante o segundo e terceiro cuartel do século XIII, Estevan Coelho no primeiro cuartel do século XIV, Airas Nunes permanece activo entre 1284 e 1290, e Afonso X vive entre 1221 e 1284. Canto ás clases de palabras, *mocelinha* é substantivo derivado de *moça*, en canto *manselinha* nas súas tres ocorrencias funciona como adxectivo derivado de *manso*, como tamén deriva da mesma base *manselinho*, aínda que convertido neste caso en adverbio co significado de ‘devagar’; tamén é adxectivo *fraquelinha*, derivado de *fraca*, ao tempo que *galguilinho* é substantivo derivado de *galgo*; isto é, dúas formas derivadas en *-elinh-o/-a* funcionan como substantivos, outras dúas como adxectivos e unha como adverbio.

Con relación ao seu valor, tendo en conta que o sufixo diminutivo *-el-* fica improductivo como tal cando menos ao inicio do século XIII e que *-inh-* triunfa definitivamente durante o século XII, e de modo especial na súa segunda metade, podería interpretarse que é este último o que actúa como verdadeiro sufixo diminutivo nas formas que estamos a analizar, en canto *-el-* se converte nun ‘reforzo de minoración’ (Alonso Núñez 2004: 17), de modo que a terminación medieval *-elinh-* funcionaría como unha unidade, “en alternancia e concorrencia co morfo tipicamente diminutivo *-iño/-iña*”, mais a intensificar “a idea de diminución” (Álvarez 2009: 32). Convén acrecentar que ningunha destas palabras así sufixadas se documenta na lingua medieval sen *-inh-* (**mocela*, **mansela/o*, **fraquela*, **galguelo*), o cal reforza o carácter unitario da combinación sufixal e o predominio do valor expresivo de *-inh-*, semellante ao que ten no galego actual: máis propiamente diminuidor con bases substantivas, ponderativo coas adxectivas e intensificador co adverbio, sen por iso deixar de ter unha grande capacidade expresiva en que prima o valor afectivo, a depender fundamentalmente do contexto e da intencionalidade da persoa que o usar (Freixeiro 1996a: 94-114).

Como datos complementares que nos axudan a contrastar e valorizar a presenza desta terminación na lingua medieval pódese acrecentar que na poesía relixiosa (CSM) se atestan catro formas: *garridelinna* (de *garrida*), *fillelinna* (de *filha*), *papelynnas* (de *papas*) e *moçelinnos* (de *moços*)⁸. Todas catro confirman o dito anteriormente, incluído o carácter subxectivo na interpretación do valor do sufixo en cada caso; a modo de exemplo, en canto Álvarez (2009: 31) subliña o “carácter pexorativo” de *garridelinna*, Alonso Núñez (2004: 24, n. 91) concédelle valor “aminorador e afectivo de signo positivo”. Por outro lado, na antoloxía da prosa literaria medieval que realicei (Freixeiro 1996c) non se documenta ningún caso desta terminación, como tampouco Álvarez (2009: 31) rexistrou ningún nas versións galegas da *Crónica Geral*, da *Crónica de Castela* e da *Crónica de San Fernando*, salvo sete casos de *capelinha*, que non sería unha derivación morfolóxica de *capa*, mais “con toda probabilidade un galicismo”⁹.

2.4. O sufixo diminutivo *-et-e* / *-et-a* na poesía trobadoresca profana

Alén de *-inh-o* e *-el-o* a través da terminación *-elinh-o*, só se atesta na poesía trobadoresca profana outro sufixo apreciativo diminutivo, *-et-e* / *-et-a*, de orixe máis problemática, pois para Allen (1941: 41) viría de *-ĭttu(M)*, *-ĭtta(M)*, utilizándose primeiramente no portugués en substantivos de procedencia francesa e logo con palabras de orixe patrimonial; outros autores danlle orixe provenzal, grega ou mesmo etrusca, en canto para Ferreiro (1997: 189) provén “do latín vulgar *-ĭttus*, -A, a través do fr. *-et*, *-ette*”. A produtividade na lingua actual semella superior á doutros diminutivos, como acontece no portugués (Skorge 1956/1957: 55), aínda que moito lonxe de *-iñ-o*.

Mais vaiamos á poesía trobadoresca profana para desde ela analizarmos a presenza e o valor deste sufixo diminutivo na lingua medieval. O primeiro que destaca é a súa escaseza, pois na realidade só se poden sinalar como diminutivos non lexicalizadas tres formas (*joeta*, *jograrete*, *capeirete*) e todas nas cantigas satíricas, que aparecen nos seguintes contextos:

–Vi ùu coteife mal guisad’e e vil / con seu perponto todo de pavil / e o cordon d’ouro tal por joeta. / E dix’eu: “Pois se vai o aguazil, / ai, que coteife pera [a] carreta” (“Vi ùu coteife de mui gran granhon”, de Afonso X, 477.13).

8 Véxanse os contextos: *que chamavan Musa, que mui freminosna / era e aposta, mas garridelinna / e de pouco sen*, CSM 79; *estava en sa casa con sa fillelinna*, CSM 89; *De que papelynnas faça / que dé a este menyo, / que me non moira de fame*, CSM 335; *fez que o moço pedisse / de comer, e foi aginna / guard’e trebellou logo / conos outros moçelinnos*, CSM 389.

9 Aínda se pode rastrexar algún exemplo máis con este mesmo sufixo na lingua medieval: *eigrejalinha*, *mancebelyo* (cf. Nunes 1928-29: s.v.).

–[E] trage seu leit'e seu cobertor; / e **jograrete**, de que á sabor; e, con tod'esto, se mi venha ben, / non pod'el-rei [saber], pe[r] nulha ren (“Sei eu un ricome, se Deus mi perdon”, de Pero Gomez Barroso, 1462.17).

–E, Don Bernaldo, vel en esta guerra, / de quanto vo-lo vosso ome ar mete, / aved'ũa capa d'ũu **capeirete**, / pero capa nunca s'a vós ben serra (“Don Bernaldo, pesa-me que tragedes”, de Joan Baveca, 1478.17).

Repárese en que no primeiro caso, onde aparece *joeta*, tamén figura *carreta*, claramente lexicalizada, como acontece con outras palabras con este sufixo tanto na lingua medieval como na actual, para alén doutros casos con esta terminación nos textos medievais que corresponden a voces de procedencia foránea, como *cerzeta*, *violeta*, *trabuquete*, *maeta*, *topete* ou *baçinete* (Alonso Núñez 2004: 27). O propio caso de *capeirete* presenta dúbidas para este mesmo autor canto á consideración como derivación directa de *capa*, sendo posíbel a súa adaptación do gascón *capirot* ou do provenzal *capairon*. Aliás, nunha cantiga de amor e noutra satírica atéstase *joguete* co significado de ‘brincadeira’, que tanto pode ser unha lexicalización de *jogo*+*-et-e* como unha adaptación do occitano antigo *joguet* (Corominas, s.v.): *ca mui maior coita averei, / senhor: quand'eu de vós oer / desamor voss'e [o] tever, / este joguete cerr[ar]ei / convosc'e vosso se[e] rei* (“Grave dia naceu, senhor”, de Pero Garcia d'Ambroa, 46.25); *mais mande Santa Maria / que prenda i mal joguete / o d'Ambrõa, que a fode; / e ela, por que promete / cono, poi-lo dar non pode?* (“De qual engano prendemos”, de Vaasco Perez Pardal, 1525.21). A partir da mesma base lexical, tamén se atesta a presenza deste sufixo na formación do verbo *joguetar* na lingua medieval, concretamente nunha cantiga satírica de Meen Rodriguez de Briteiros, “Un sangrador de Leirea” (1347.23): *Quen tal jogo quer jogar / con sa mai vaa jog[ul]etar*. O valor significativo desta forma sufixada non parece estar afastado do diminutivo-frecuentativo que costuman ter outros verbos con formación diminutiva no galego contemporáneo (Freixeiro 1996a: 31).

Alonso Núñez (2004: 28), após desbotar moitas palabras medievais con esta terminación ben por estar o sufixo lexicalizado, ben por seren de procedencia foránea, considera auténticos diminutivos só os casos de *joeta* e *jograrete* de entre os que aparecen na poesía trobadoresca profana, para alén de *mueta* e *muleta* (diminutivos de *mua* e *mula*), *arqueta* (de *arca*) e *cruseta* (de *crus*) no conxunto do corpus por el manexado¹⁰. A súa conclusión é que

10 Ao tratarmos deste sufixo, non se pode deixar de aludir á composición atribuída a Joan de Lobeira “Senhor genta” (B 244 e 246 bis), aínda que considerada “anónima e espuria” en Brea (II, 1000, n. 399), que presenta no refrán as formas *Leonoreta* e *roseta*, diminutivos expresivos de *Leonor* e *rosa*, respectivamente, que confirmarían a súa produtividade na última fase do período medieval: *Leonoreta*, / *fin roseta*, / *bela sobre toda fror*, / *fin roseta* / *non me meta* / *en tal coita voss'amor*.

o elemento *-et-* de orixe allea múltiple, francesa, provenzal, catalana, aragonesa e mozárebe (González Ollé 1962: 39), debeu entrar no galego medieval en préstamos foráneos que os falantes de galego asimilarian e memorizarían coma un bloque inanalizable (*violeta*, *trabuquete*) parecido ó de *saeta* ou ó de *tapete*. Chegado un momento, os galegofalantes tenderían a empregar motivadamente *-et-* co valor de ‘pequeno’ con bases de derivación adaptadas ó galego (*joeta*) ou con bases de derivación autóctonas (*cruseta*). Desta maneira naceu no noso idioma o sufixo diminutivo *-et-*, o cal continúa sendo productivo no galego actual tanto con substantivos (*mandilcete*) coma con adxectivos (*pequenete*, *regularcete*), se ben en moitas ocasións adquire matices despectivos non sempre derivados da base léxica (cf. *librete* con *burrete*) (Alonso Núñez 2004: 29).

2.5. Outros sufixos diminutivo-depreciativos improdutos na poesía trobadoresca profana

Curiosamente, o sufixo diminutivo *-ot-e/-ot-a*, que no galego actual “funciona como variante estilística persoal ou contextual do suf. *-ete*” (Ferreiro 1997: 191), non se atesta na poesía trobadoresca profana nin en xeral na lingua medieval. Tampouco temos testemuños medievais que mostren a produtividade como sufixos diminutivos de *-ol-* (ou propiamente *-o-o/-o-a* na lingua medieval), *-ach-/ech-/och-/uch-* (os casos de *-ach-o/-a* na poesía trobadoresca profana, que logo veremos, teñen valor despectivo), *-ic-/uc-*, *-it-*, *-elh-/alh-/ulh-/ilh-*, *-ej-* ou *-ón/-on-a* (Alonso Núñez 2004).

A comezarmos por *-ot-e/-ot-a*, que deriva orixinariamente do francés segundo Skorge (1956/1957: 55), non se atesta na poesía trobadoresca profana baixo a forma masculina nin feminina; tamén non o rexistramos en Freixeiro (1996c) nin é recollido por Huber como sufixo medieval; tampouco nas *Cantigas de Santa María* se achan casos (vid. Mettmann 1981).

A respecto de *-ol-o/-ol-a*, do latín *-ŏLU*, onde pasou de átono a tónico (*FILIOLUS*>*FILIŌLUS*), orixinariamente tiña valor diminutivo, aínda que hoxe adquire con frecuencia matiz pexorativo, que para González Fernández (1978: 29) é case o predominante. Skorge (1956/1957: 57) afirma que o feito de o <I> se ter conservado indica que o sufixo entrou no portugués por medio de vocábulos estranxeiros, a se estender logo a voces patrimoniais e atribuíndolle actualmente carácter irónico-depreciativo. Na lingua medieval o sufixo latino de que deriva xa perdera o <I> intervocálico e a significación diminutiva (cf. *avoo*, *feijoo*), de modo que na poesía trobadoresca profana non se rexistran casos de *-ol-o* como apreciativo, aínda que nas *Cantigas de Santa María* aparece a forma *bestiola*, que ben podería ser derivado de *bestia* con valor diminuidor suxerido polo contexto: *Este pesar foi por hũa / bestiola que mui’amava / el-rei, que sigo tragia / e a que mui ben criava, / a que*

chaman donezña / os galegos, e tirava / con ela aves das covas (CSM 354.16). A partir deste exemplo Ferreiro (1997: 187) afirma que “xa aparece na lingua desde os primeiros momentos”; por seu turno, Nunes (1989: 381) cita *-ol-a* entre os sufixos diminutivos mais non fornece datos de ningún tipo, en canto Huber (1986: 273) apenas menciona *-ô (-oo)* como diminutivo do portugués antigo, achegando como exemplos *figueirô* “diminutivo de *figueira*” e *mosteirô* “pequeno mosteiro”. Non hai constancia de casos de *-ol-o/-ol-a* como diminutivos noutros textos; por exemplo, non o documentamos en Freixeiro (1996c).

Con relación a *-ach-o,-a / -ech-o,-a / -och-o,-a / -uch-o,-a / -ich-o,-a*, que proveñen do latín *-ASCU+-ŪLU*, *-ESCU+-ŪLU*, *-USCU+-ŪLU*, *-ĪSCU+-ŪLU*, son sufixos do iberorrománico occidental, dos cales no portugués do norte *-ich-o*, *-uch-o* son os máis usados, *-och-o* é raro e *-ech-o* só é rexistrado por Nunes na palabra *ventrecha* (Allen 1941: 35; Skorge 1956/57: 57). Na poesía trobadoresca profana atéstanse só *muacha* e *mũacho*, ambos con valor pexorativo. En Ferreiro (1997: 188) cítanse como diminutivos *-ech-o,-a* (para cuxa orixe se suxire un cruzamento entre o “basicamente pexorativo” *-uch-o* e *-el-o*) e *-och-o,-a*, “variante alomórfica” de *-ech-o* e *-uch-o*, mais non se achegan testemuños medievais; Nunes (1989: 386-387) inclúe *-ach-o*, *-ech-o*, *-ich-o* e *-uch-o*, mais tamén non explicita usos medievais; e Huber (1986: 272-276) nin os cita entre os máis importantes sufixos medievais.

Canto a *-ic-o,-a / -uc-o,-a*, o primeiro, do latín *-ICCU(M)* (Allen 1941: 60), é pouco produtivo no galego, en canto *-uc-o* é moito máis produtivo, normalmente como sufixo despectivo, mais tamén con valor afectivo¹¹. Na poesía trobadoresca profana non se atestan usos de *-uc-* como sufixo diminutivo, mais Alonso Núñez (2004: 32) ve o sufixo *-ic-* a funcionar como diminutivo na palabra *rabicosa* (de *rabica* referida a unha egua de rabo curto)¹², presente nunha cantiga satírica: *e de pran andaron i / as mangas do ascari, / mais non a rabicosa. / Ante que foss'ũa légoa, / comecei / aqeste cantar da égoa* (“O infançon ouv’atal”, de Lopo Lias, 1366.17); interpreta o

11 Con todo, Alonso Núñez considera *-ic-o / -ic-a* produtivo como diminutivo no galego actual e “o segundo máis frecuente” tanto con bases substantivas como adxectivas, se ben que admite “a posibilidade de que sexa un dialectalismo” (Alonso Núñez 2000: 164) con “bastante vitalidade entre as persoas de mediana idade” en dous lugares do concello ourensán de Castro de Val (Alonso Núñez 1999: 140); canto a *-uc-o* este autor acha que “ten un claro valor pexorativo con bases substantivas” no galego común, mais tamén formula a “hipótese de que dialectalmente *-uc-* teña un valor diminutivo” (Alonso Núñez 2000: 165). Skorge (1956/1957: 56) afirma que no portugués *-ic-o* e *-uc-o* son sufixos rexionais, limitándose *-uc-o* ao mirandés, en canto *-ec-o* é o máis produtivo deste grupo con *-c-* en Portugal e *-ac-o*, *-oc-o* perderon a forza creadora, aparecendo só nuns poucos substantivos, principalmente de carácter pexorativo. Tamén no galego poden funcionar *-ac-o*, *-oc-o* como despectivos; Ferreiro (1997: 196) cita *-oc-o* como pexorativo xa no período medieval e achega como exemplo *bischoco* (<bicho) nas *Cantigas de Santa María*.

12 Trátase da cantiga 263.17 na edición de Lapa, quen anota: “*a rabicosa* = a egua de rabo curto (*rabico*)”.

autor este caso “como a punta do iceberg, que só asomará nos textos escritos séculos máis tarde cando sexa vencida a pexa que supuña ser un elemento de rexistro non formal”. Ferreiro (1997: 191) cita *-ic-o* como diminutivo e xulga *-uc-o* como posíbel variante, sen referencias concretas ao período medieval; Nunes (1989: 387) inclúe *-ic-o* entre os sufixos diminutivos mais non cita *-uc-o*, en canto Huber (1986: 272-276) non inclúe ningún dos dous entre os principais sufixos medievais.

No relativo aos sufixos *-ex-o/-a* e *-ux-o/-a* do galego actual preséntanse interrogantes sobre a súa orixe, sendo cando menos *-ex-o* de posíbel procedencia do castelán *-ej-o*, derivado do sufixo latino *-ĭCULU*, que se corresponde co sufixo galego *-elh-o*; este non era un verdadeiro sufixo diminutivo na época medieval (Alonso Núñez 2004: 15-16). Skorge (1956/1957: 56) afirma que “*-ejo* (a par de *-elho*) é importación do español. Ficou sendo, porém, sufixo do portugués en casos isolados (p. ex., *hortejo*)”. Canto á orixe de *-ux-o*, para Ferreiro (1997: 191) “podería constituír unha variación de *-uco*, con infl. de *-exo*”. Nin Nunes nin Huber os citan entre os sufixos diminutivos, como tamén non se coñecen rexistros na lingua medieval con esa función tanto na poesía trobadoresca profana como noutras tipoloxías textuais da altura.

Con referencia a *-ell-o*, *-all-o*, *-oll-o*, *-ull-o*, *-ill-o*, están presentes como terminacións no galego actual e ás veces funcionan como sufixos diminutivos ou despectivos, aínda que en calquera caso con escasa produtividade. O sufixo *-ĭCULU* era diminutivo en latín, dando formas como *APĪCULA* ou *OVĪCULA*, que ao pasaren ao galego (*abella*, *ovella*) ficaron lexicalizadas e perderon a noción diminutiva orixinaria; igual que acontece en *-ux-o* e en *-ex-o*, tamén en *-ell-o* (*grupello*) predominan as conotacións pexorativas, perdéndose o valor empequenecedor que tivera na lingua medieval, cuxa morte como tal “debeu producirse antes de finais do século XIII” (Alonso Núñez 2004: 14). Con todo, no corpus da poesía trobadoresca profana só hai un caso onde *-elh-o* podería ter un valor diminutivo-depreciativo; trátase de *folhelho*, talvez derivado de *folha*, que aparece nunha cantiga satírica: *como leva quant'avemos / de nós Balteira per arte, / ca x'é mui mal engan[ad]o / se lh'alguen non dá conselho, / o que ten cono mercado, / se lhi por el dan folhelho* (“De qual engano prendemos”, de Vaasco Perez Pardal, 1525.8); Lapa (1995, s.v.) opina que *dar folhelho* ten o significado de “dar coisa insignificante”. Non temos rexistros de *-alh-o* na poesía trobadoresca profana e aínda que Nunes (1989: 380) o inclúe entre os diminutivos sen facer referencia á época, Huber (1986: 272-276) non o cita e Ferreiro (1997: 195) considérao “estritamente pexorativo”, sen dar exemplos da época medieval. Tamén na poesía trobadoresca profana non hai rexistros de *-olh-o* ou *-ulh-o* como diminutivo, aínda que se atesten palabras como *ventrullo* con esa terminación nunha cantiga de Fernan Garcia Esgaravunha (Ferreiro 1997: 195). Ao mesmo tempo, se do latín *-ĭCULU* temos en galego *-ell-o*, de *-ĭCULU* debemos ter *-ill-o*, solución patrimonial presente en *manilla* (<MANĪCULA) e *partilla* (<PARTĪCULA), voces lexicalizadas e que non funcionan xa como diminutivos, como tampouco funcionaban na época

medieval; este sufixo é totalmente improdutivo no galego actual e tamén o era no galego medieval, a pesar de estar presentes en certos castelanismos de antes e de agora (Alonso Núñez 2004: 16).

No caso do sufixo *-it-o*, para Allen (1941: 79) proveniente do latín *-ITTUS*, aínda que para outros moitos investigadores de orixe incerta (véxase ao respecto Alonso Núñez 1999: 134-135), é típico do español e, despois de *-inh-o*, o sufixo diminutivo máis usado en portugués (Skorge 1956/1957: 55). No entanto, é practicamente inexistente no galego común, onde só se fai presente en palabras concretas como *cabrito* ou *bonito*¹³. Unha das atestacións medievais da primeira témola nunha cantiga satírica: *O que [ar] roubou os mouros malditos / e a sa terra foi roubar cabritos, / non ben al maio* (“O que da guerra levou cavaleiros”, de Afonso X, 494.32). Das gramáticas históricas que vimos citando só Nunes (1989: 397) o inclúe ao lado de *-ic-* para dicir que aparecen en inscricións da época imperial con algúns nomes propios, nomeadamente de mulleres, de orixe non-latina e “deles se tiraram estes sufixos, que depois se estenderam aínda a nomes comuns e adjectivos, mantendo o sentido diminutivo ou de carinho”.

Por último, cómpre unha referencia a *-ón* como diminutivo, que tamén ten algunha presenza na poesía trobadoresca profana e que trataremos na seguinte sección xunto co seu valor aumentativo xa dominante na altura.

En resumo, varios son os sufixos que en galego poden expresar a noción de diminución léxica, aínda que esta se ache mesturada e mesmo confundida con outros valores, o cal torna os diminutivos nun dos tipos de sufixos máis complexos canto á súa significación, non só en galego como tamén en todas as linguas. Xa desde o período medieval, *-inh-o* emerxeu como forma totalmente dominante neste ámbito de significación, a ficaren os demais, salvo *-et-e/-et-a*, como nada ou escasamente produtivos, por veces só presentes en palabras lexicalizadas, e con valores que oscilan entre o diminutivo e o depreciativo. Na poesía trobadoresca profana a presenza de sufixos diminutivos a funcionaren como tales redúcese practicamente a *-inh-o/-inh-a*, á súa variante *-elinh-o/-elinh-a* e a *-et-e/-et-a*.

13 Para *cabrito* A. G. Cunha (1991), s.v. ‘cabra’, dá como étimo o lat. tard. *CAPRITUS*, a partir de *CAPRA*; para *bonito*, s.v., di “provavelmente do cast. *bonito*, de *bueno*”. Segundo atesta Alonso Núñez (1999: 140), este sufixo ten presenza dialectal na zona suoriental da provincia de Ourense e máis en concreto no concello de Castrelo do Val, que o cualifica como “un sufixo autóctono e activo na fala das persoas de idade deste concello”, aínda a recoñecer que “está desaparecendo”; nun traballo algo posterior mantén que *-it-* debe figurar na lista de sufixos diminutivos produtivos do galego actual (Alonso Núñez 2000: 166-167), en canto poucos anos despois afirma que “a orixe deste afixo non é latina”, que “é moi posible que *-it-* sexa un elemento alio ó galego” e que no corpus textual medieval por el manexado “só aparece na forma lexicalizada *cabrito* ‘cría de cabra’” (Alonso Núñez 2004: 30); por seu turno, Álvarez (2001: 92) afirma que para a inmensa maioría das persoas galegas *-it-* é “a forma propia do castelán, nunca oída a outros galegofalantes”, embora admita que existe como forma esmorecente en falas do SE de Ourense limítrofes con Portugal.

3. Aumentativos, pexorativos e intensificadores

Nos estudos sobre a lingua medieval, e mesmo sobre a contemporánea, os sufixos diminutivos teñen sido centro de atención investigadora por parte dos especialistas con certa frecuencia, mais non así os outros tipos de sufixos apreciativos, cos cales aqueles forman un conxunto ben diferenciado doutros tipos de unidades afixais. Todos os apreciativos carecen de capacidade transcategorizadora das bases sobre que operan e do punto de vista dos valores significativos xa se viu como existe unha grande permeabilidade entre eles, pois se mesmo *-iñ-o* pode expresar matices depreciativos ou intensificadores e *-ón* tamén ten nalgún caso función diminutiva, case todos os demais oscilan entre a significación diminuidora e pexorativa, sen excluír a aumentativa nalgún caso. Por iso que un estudo do conxunto destas unidades apreciativas pode tornarse máis útil e clarificador, tanto na perspectiva sincrónica como na diacrónica.

3.1. Os sufixos aumentativos

Os sufixos aumentativos adquiren facilmente unha connotación estimativa de tipo negativo, a se aproximaren dos valores dos depreciativos ou pexorativos, sempre dependendo do contexto e da intencionalidade. En xeral, a utilización dos sufixos aumentativos é máis característica da lingua coloquial. Así como *-iñ-o* adquiriu unha grande relevancia xa desde a época medieval entre os sufixos que exprimen a idea de diminución lexical, tamén desde o mesmo período foi *-ón* o que dominou e domina no ámbito de expresión antónima.

3.1.1. O sufixo *-on/-ōa/-ona*

Non parece haber dúbida de que este sufixo deriva da terminación latina *-ōNE*, aínda que o feminino actual *-ona* supoña unha anomalía do punto de vista fonético, “explicábel polo carácter moderno da maioría das formacións, intervindo con forza, por tanto, a analoxía” (Ferreiro 1997: 192); no latín tiña valor individualizador de tipo ponderativo ou depreciativo e de aí deriva o valor aumentativo, mais tamén o diminutivo. Nalgúns traballos sobre o galego contemporáneo menciónase entre os sufixos diminutivos (González Fernández 1978: 29; Carré 1967: 55). Alonso Núñez (2004: 20-21) informa de que en francés, en catalán e en altoaragonés conserva o valor diminutivo derivado do carácter individualizador que tiña en latín, a conservar tamén o español “restos dese primitivo valor diminutivo (*ratón*, *montón*), o cal algunhas veces se especializou para designa-la cría dos animais (*perdigón*) ou para indicar falta de desenvolvemento (*rabón*)”; tamén sostén que *-ón* en galego foi diminutivo no pasado e para o demostrar acode aos topónimos *Avión* (diminutivo de *Avia*) e *Dozón* (<*Deza*), ben como a palabras recollidas no concello de Castrelo do Val: *carreirón*

‘carreiro pequeno’, *pontón* ‘ponte pequena’ e *cordón* ‘corda pequena’; porén, xulga que xa non era produtivo nin transparente como diminutivo no século XIII e, alén dos casos en que tiña valor aumentativo e despectivo –que logo veremos–, sinala os seguintes casos de *-on/-da* con valor diminutivo orixinario no seu corpus de textos medievais: *cochon* ‘inmundo’, *tapon* (<*tapa*), *azcõa* ‘pequena lanza’, *carreiron* ‘fila’, *cochon* ‘home vil, ordinario’, *cochõa* ‘muller do pobo’, *cordon* (<*corda*), *galion* ‘galo novo’, *quarteiron* ‘cada unha das catro partes en que se divide o escudo’ e *mõton* (<*monte*), xunto coa forma con sufixos diminutivos acumulados *tendillon* ‘tenda que se fai e desfai’. Algunhas destas palabras atéstanse na poesía trobadoresca profana, en concreto nas cantigas satíricas, a destacar *cochon* sobre todas:

–*Meen Rodriguiz, mui sen meu prazer / a farei vosc’ jassi Deus me perdon! / ca
vus av[er]ei de chamar **cochon** / pois que eu a punhada receber* (“Juião, quero
tigo fazer”, de Meen Rodriguiz Tenoiro & Juião Bolseiro, 371.10) [Lapa, s.v.
“cochon = home vil, ordinário, grosseiro”].

–*Passad’acá! –lhe fui logo dizer / que s’ergesse d’antre os **cochõs** seus*
(“Ūu ricome, a que ūu trobador”, de Afonso Sanchez, 778.12).

–*Vi coteifēs e **cochõs** / con mui [mais] longos granhõs / que as barvas dos
cabrõs: / ao son do atambor / os deitavan dos arçõs / ant’os pees do seu
senhor* (“O genete”, de Afonso X, 489.31).

–*e, ena paz, non ar sei eu **cochon** / que o quisesse trager nas Esturas* (“Contar-
vos-ei costumes e feiturās”, de Fernan Soarez de Quinhones, 1575.27).

–*E oi noutro dia en queixar / ūas coteifās e outras **cochõas**, / e un meirinho
lhis disse: –Varoas* (“Joan Garcia tal se foi loar”, de Joan Soarez Coelho,
1434.9) [Lapa, s.v. “cochõa = mulher do povo”].

–*Os beesteiros dos dous **carreirõs** / tiran con ela, e pon-se sinal* (“Os beesteiros
daquesta fronteira”, de Pero d’Ambroa, 1584.15, Lapa 331.15). [Lapa, s.v.
“carreiron = fila”].

–*Vi un coteife mal guisad’e vil, / con seu perponto todo de pavil / e o **cordon**
d’ouro fal por joeta* (“Vi ūu coteife de mui gran granhon”, de Afonso X,
477.13, Lapa 9.13) [Lapa, s.v. “cordon = cordão”].

–*E seu marido, de crastar verrõs, / non lh’achan par, de Burgos a Carrion,
/ nen [a] ela de capar **galioes** / fremosament’, assi Deus mi pardon* (“Esta
ama, cuj’ é Joan Coelho”, de Fernan Garcia Esgaravunha, 1530.17) [Lapa, s.v.
“galion = galote, galo novo”].

Igual que acontece no galego actual, na poesía trobadoresca profana atéstanse varios casos desta mudanza de xénero: *citola* → *citolon* (con sete ocorrencias: 1382.3, 1383.5 etc.), *espada* → *espadarron* (1489.15), *loriga* → *lorigon* (1489.9) e *nadega* → *nadigon* (con catro ocorrencias: 1352.15, 1352.21 etc.). En troca, só se pode observar un incremento sufixal en *espadarron* (1489.15), talvez por razóns de maior expresividade, e en casos de acumulación de *-elh-* e *-on* que producen a dupliciade *-ilhon/-elhon*, talvez presentes no topónimo actual *Castrillón* ou en *montillón* e

pontellón / pontillón, e que na lingua medieval se documentan en formas como *tendilhon* (cf. portugués rexional *tendelhão*)¹⁴, *farcilhon* ou *torcilhon* (Alonso Núñez 2004: 14-15); destes casos na poesía trobadoresca profana podemos documentar *farcilhon* “argola da fivela do cinto” (Lapa, s.v.) e *torcilhon* “doença de cólica, nos animais” (Lapa, s.v.), ambos lexicalizados:

–*e sobarcad’un velh’espadarron, / cuitel cachado, cinta sen **farcilhon**, /
duas esporas destrás, ca seestras non son* (“Sedia-xi Don Belpelho en ùa sa
maison”, de Afonso Lopez de Baian, 1489.16).

–*pissa que compra pouco lhe dura, / sol que a mete na sa pousada; / ca lhi
conven que ali moira enton / de polmoeira ou de **torcilhon**, / ou, per força,
fica ende aaguada* (“Maria Negra, desventuirada”, de Pero Garcia Burgales,
1403.13).

Caso especial constitúeo a formación de adxectivos e substantivos en *-ón* a partir de bases verbais, a se producir unha transcategorización impropia da sufixación apreciativa que converte *-ón* nun sufixo tamén nocional (*empurrar* → *empurrón*); porén, non achamos exemplos desta transcategorización na poesía trobadoresca profana; tampouco a atestamos na nosa antoloxía da prosa literaria medieval (Freixeiro 1996c) nin se cita ou exemplifica en Huber (1986: 274), que fala de *-on* aumentativo e pexorativo, ou Ferreiro (1997: 192); en troca, é citada en Nunes (1989: 379) e exemplificada con *lamb-ão*, *chor-ão* ou *salt-ão*, mais sen referencia á lingua medieval.

Na poesía trobadoresca profana temos varios casos de *-on* como sufixo aumentativo, ou máis propiamente aumentativo-depreciativo, os cales lle conceden unha presenza semellante á de *-inh-o*, ou aínda algo maior, neste corpus medieval e ratifican a súa plena produtividade como tal sufixo na lingua antiga, en concreto nos séculos XIII e XIV. Os casos, todos pertencentes ao xénero satírico, son os seguintes, coa correspondente contextualización:

–*Airas Moniz, o zevron, / leixad’o[r]’o selegon / e tornad’ao **albardon**: /
andaredes i melhor / ca na sela rengedor* (“Airas Moniz, ó zevron”, de Lopo
Lias, 1365.3) [Lapa, s.v. “albardon = albarda reles”].

–*ca conhosc’eu mui ben que vós avedes / olho mao, mesto con **cadarron**, /
e deste mal guarecer non podedes* (“Fernand’Escalho leixei mal doente”, de
Pero Garcia Burgales, 1394.16) [Lapa, s.v. “cadarron = catarro grande”].

–*Levarei Fernando Teles con gran peça de peões, / todos calvos e sen lanças e
con grandes **çapatões*** (“Don Rodrigo, moordomo, que ben pôs el-rei à mesa”,
de Afonso X, 459.10) [Lapa, s.v. “çapaton = sapato grande”].

14 Tamén achamos *tendilhon*, derivado de *tenda*, na *Crónica Troiana*, co significado de ‘tenda que se monta e se desmonta’: *Vai-te aas tendas quanto poderes, e vai ao **tendilhón** de Colcos, e di a Breçaida, que i acharás, que eu lhe envio este cavalo, que gāanhei de un cavaleiro que se andava enfingindo e gabando que estava dela moi namorado* (en Freixeiro 1996c: 215).

–*quen x'en gran guerra andass'a louc[ur]as, / en feuz daqueste cavalon, / falecer-lh'-ia el nas queixaduras* (“Contar-vos-ei costumes e feituras”, de Fernan Soarez de Quinhones, 1575.25) [Lapa, s.v. “cavalon = cavalo inferior”].

–*Con alguen é'qui Lopo desfiado, / a meu cuidar, ca lhi viron trager / un citolon mui grande sobarcado* (“Con alguen é'qui Lopo desfiado”, de Martin Soarez, 1382.3) [Lapa, s.v. “citolon = citola grande”]¹⁵.

–*mais vas no citolon rascar, / des i ar filhas-t'a cantar, / e estes nojos quatro son. [...] / ca irás un dia cantar / u cho faran todo quebrar / na cabeça o citolon* (“Lopo jogar, es garganton”, de Martin Soarez, 1383.5/1383.14).

–*Lourenço, soias tu guarecer / como podias, per teu citolon, / ou ben ou mal, non ti dig'eu de non* (“Lourenço, soias tu guarecer”, de Joan Perez d'Avoín & Lourenço, 1420.2).

–*pois mal i intenções, e todo farei / o citolon na cabeça quebrar* (“Lourenço jogar, ás mui gran sabor”, de Joan Garcia de Guilhade & Lourenço, 1513.31).

–*Lourenço, pois te quitas de rascar / e desemparas o teu citolon, / rogo-te que nunca digas meu son* (“Lourenço, pois te quitas de rascar”, de Joan Garcia de Guilhade, 1515.2).

–*e el guarria mui melhor / sen trobar e sen citolon, / pois perdeu a voz e o son / por que o ferian peor* (“Ora quer Lourenço guarir”, de Joan Garcia de Guilhade, 1516.19).

–*Fui eu poer a mão noutro di- / -a a ùa soldadeira no cono[n], / e disse-m'ela: “Tolhed'ala Do[n]”* (“Fui eu poer a mão noutro di-”, de Afonso X, 482.2). [Lapa, s.v. “conon = Aumentativo e pejorativo de cono = vagina”].

–*ca fodeu moç'e non canta ja assi, / ar fodeu pois mui grand'escudeiron, / e ficou ora, se Deus mi perdon, / con a peor voz que nunca oi* (“Fernand'Escalho vi eu cantar ben”, de Pero Garcia Burgales, 1395.19) [Lapa, s.v. “escudeiron = escudeiro, em sentido pejorativo”].

–*chapel de ferro, que xi lhi mui mal pon, / e sobarcad'un velh'espadarron, / cuitel'a cachas, cinta sen farcilhon* (“Sedia-xi Don Belpelho en ùa sa maison”, de Afonso Lopez de Baian, 1489.15). [Lapa, s.v. “espadarron = espadagão”]¹⁶.

–*Escasso foi o infançon / en seus couces partir en don, / ca non deu a Lop[ol] enton / máis de tres na garganta, / e máis merece o jograron, / segundo com'el canta* (“Foi un dia Lopo jogar”, de Martin Soarez, 1384.11) [Lapa, s.v. “jograron = jogralão. Forma depreciativa”].

–*ca vej'aqui un jograron / que nunca pode dizer son / nen o ar pode citolar* (“Joan Soarez, comecei”, Joan Perez d'Avoín & Joan Soarez Coelho, 1419.5).

15 Huber (1986: 274), porén, considérao neste caso sufixo pexorativo: “citolon ‘uma citola = citara desafinada, má”.

16 Huber (1986: 275): “-arron é sufixo aumentativo: *espadarron* ‘espadarrão’; cf. a propósito port. mod. *mansarrão* (de manso).

—sen estrebeiras e con roto bardon; / nen porta loriga nen porta **lorigon** / nen geolheiras, quaes de ferro son (“Sedia-xi Don Belpelho en ùa sa maison”, de Afonso Lopez de Baian, 1489.9). [Lapa, s.v. “lorigon = lorigão”].

—*Quen vos Saco chamar prazera a nós, / e dira-vo-lo lheu que[n] vos en cos / vir tira-los **nadigões** apos vós. [...] / ca vej’eu que citolar non vos oio / nen os vossos **nadigões** non os viu* (“Jogar Saco, non tenh’eu que fez razón”, de Fernan Paez de Talamancos, 1352.15/1352.21) [Lapa, s.v. “nadigon = grande nádega”].

—*ergen-se nos arçõs / da sela canterlada / e dan dos **nadigões**; / e diss’a bentalhada [...] / ergen-se nos arçõs / da sela como podrida / e dan dos **nadigões**; / e disse-lh’a velida* (“Desto son os zevrões”, de Lopo Lias, 1360.5/1360.15).

—*ca el, se fosse çancon, / non fora ao **vergalhon** / roxo do meu seendeiro* (“Non levava nen dinheiro”, de Gonçal’Eanes do Vinhal, 1412.13, Lapa 170.13) [Lapa, s.v. “vergalhon = vergalho, sexo dos cavalos”].

—*mais trax perpono roto sen algodón / e coberturas dun velho **zarelhon*** (“Sedia-xi Don Belpelho en ùa sa maison”, de Afonso Lopez de Baian, 1489.12). [Lapa, s.v. “zarelhon = pano grosso [...]. Forma pejorativa de *zarelho*, que designava um tecido medieval, aínda non bem definido”].

—*Desto son os **zevrões** / de ventura minguada* (“Desto son os zevrões”, de Lopo Lias, 1360.1) [Lapa, s.v. “zevron = zevrão, aumentativo disfémico de *zevro* = onagro, cavalo selvagem, conhecido por súa grande velocidade. Em sentido figurado, ‘homem grosseirão, bruto, impetuoso, asselvajado’, qualificativos estes bem ajustados aos infâncias de Lemos, alvejados nas cantigas de D. Lopo Lias”]¹⁷.

Como se pode ver nos significados que achega Lapa, o valor aumentativo tórnase con certa frecuencia pexorativo, ou mestúranse os dous, como adoita acontecer mesmo no galego actual. Hai nas cantigas satíricas algún outro exemplo que presenta dúbidas canto á existencia dun verdadeiro sufixo aumentativo-depreciativo; é o caso de *clerigon* e *clerizon*, que aparecen nos seguintes textos xunto con *selegon*, que tamén podería estar neses casos dubidosos:

—*Un cavaleiro, fi’-de **clerigon**, / que non á en sa terra nulha ren* (“Un cavaleiro, fi’-de *clerigon*”, de Pedr’Amigo de Sevilha, 1679.1) [Lapa non recolle esta palabra no seu vocabulario].

—*Don Vaasco, eu fui ja **clerizon** / e Degreda soia estudar; / e nas escolas, u soia entrar; / dos maestres aprendi tal liçon* (“—Rei Don Alfonso, se Deus vos perdon”, de Vaasco Gil & Afonso X, 1531.8) [Lapa, s.v. “clerizon = aprendiz de clérigo”]¹⁸.

—*Airas Moniz, o zevron, / leixad’o[r]’o **selegon** / e tornad’ao albardon: / andaredes i melhor / ca na sela rengedor* (“Airas Moniz, ó zevron”, de Lopo Lias, 1365.2) [Lapa, s.v. “selegon = simples almofada a servir de sela”].

17 Ten bastantes máis atestacións nas cantigas satíricas; véxase por exemplo 252.6, 253.4, 255.15, 257.1, 258.1, 259.2 etc. na edición de Lapa.

18 Alonso Núñez (2004: 20) inclúe o caso de *crerizon* que aparece nas *Cantigas de Santa María* dentro dos “sufixos non alternativos propios do galego”, ao lado de *esleicon*, *leiton*, *onzon*, *oraçon* e *compannon*.

3.1.2. Outros sufixos aumentativos

No galego actual *-ón/-ona* continúa a ser o sufixo aumentativo-pexorativo por excelencia, mais tamén operan outros sufixos con ese mesmo valor que polo xeral non deixaron testemuño escrito da súa presenza na lingua medieval. Un deles é *-án/-an-a*, que se pode considerar unha variante de *-ón/-on-a* sobre bases adxectivas; porén, non se atesta na poesía trobadoresca profana nin nos dan conta del as gramáticas sobre a lingua antiga. Outro sufixo aumentativo é *-az-o /-az-a*, do latín *-ACEU>med. -aço* (Ferreiro 1997: 193, Nunes 1989: 376), mais tamén non se atesta na poesía trobadoresca profana, a non ser que consideremos de tal orixe e significado aumentativo a forma sufixal *-az* que a seguir trataremos entre os pexorativos (ou pexorativo-aumentativos), hipótese non descartábel.

Por último, *-ud-o / -ud-a*, como transcategorizador de substantivo a adxectivo, é un sufixo propiamente nocional, aínda que con algún vínculo significativo cos aumentativos e pexorativos (*nariz* → *narizado*); na lingua medieval está moi presente como sufixo formador dos participios (p. e. *perdudo*), mais tamén como formador de adxectivos que “presentan a noción de ‘provisto de’, normalmente indicando feito excesivo, polo que se pode converter nun sufixo pexorativo” (Ferreiro 1997: 160), e ten presenza na poesía trobadoresca profana en palabras como *sanhudo/a*, con numerosas atestacións na lírica amorosa, *sisudo* ou *cabeludo*.

3.2. Os sufixos pexorativos

Máis numerosos que os aumentativos son os sufixos despectivos ou pexorativos, en que priva a función expresiva sobre a representativa e que van sempre unidos a bases nominais substantivas ou adxectivas. O valor pexorativo pode darse na maior parte dos sufixos apreciativos, como xa se viu ao tratarmos dos diminutivos *-iñ-o*, *-ol-o*, *-et-e*, *-ot-e*, *-ech-o*, *-och-o*, *-ic-o*, *-uc-o* ou dos aumentativos *-ón*, *-án* (e tamén do nocional *-ud-o*). Na realidade todos son sufixos apreciativos que poden adquirir os mesmos valores, aínda que uns sexan predominantemente diminutivos, outros aumentativos e outros depreciativos. Como xa vimos con anterioridade o grupo de sufixos diminutivo-depreciativos, trataremos agora especificamente aqueles que teñen atestación na poesía trobadoresca profana.

En primeiro lugar, temos *-ach-o/-ach-a*, sufixo pouco produtivo tamén no galego actual e que na poesía trobadoresca profana se atesta en tres casos, dous de *muacha* (de *mua*) e un de *mũacho* (de *muu*), todos en cantigas satíricas e con valor pexorativo:

*—E deste cambio foi el enganado / d'ir dar rocinfeit'e corredor / por ùa muacha
revelador, / que non sei oj'ome que a tirasse / fôra da vila, pero o provasse [...]*

*/ Melhor fora dar o rocin dōado / ca por tal **muacha** remusgador; / que lh'ome non guardará se non for / el, que xa vai ja-quanto conhocendo* (“De Joan Bol’and’eu maravilhado”, de D. Denis, 1555.9) [Lapa, s.v. “muacha = mula ordinária”].

*–E, se ficardes en besta mñar; / eu vos consello sempr[e] a ficar / ante con **mũacho** novo ca mña* (“Dona Ouroana, pois ja besta avedes”, de Joan Garcia de Guilhade, 1518.24) [Lapa, s.v. “mũacho = mulo, macho”].

En segundo lugar, no galego actual mantén operatividade como sufixo depreciativo *-uz-o/-uz-a*, aínda sendo escasamente produtivo (*xente* → *xentuza*). Nunes (1989: 379) cita *-uça* entre os sufixos aumentativos, a exemplificar con *dent-uça* e *card-uça*, embora acrecente en nota que estes dous nomes se usan hoxe “de preferéncia en sentido colectivo”; Ferreiro (1997: 194), por seu turno, afirma que “en obvia relación con *-ucho*”, aparece “*-uzo*, xa antigo na lingua”, achegando o exemplo medieval que se cita a seguir. Na poesía trobadoresca profana atéstase un *pissuça* (de *pissa*), que presenta este claro valor depreciativo:

*–Deu-mi o demo esta **pissuça** cativa, / que ja non pode sol conspir a saiva / e, de pran, semelha máis morta ca viva / e, se lh’ardess’a casa, non s’ergeria* (“Luzia Sanchez, jazedes en gran falha”, de Joan Soarez Coelho, 1427.13) [Lapa, s.v. “pissuça = fraca pissa”].

En terceiro lugar, hai algún outro exemplo na poesía trobadoresca profana de palabras derivadas en que semella operar un sufixo de carácter pexorativo. Por un lado, aparece un sufixo *-anc-o* (*poldro* → *poldranco*) noutra cantiga satírica:

*–E dos **poldrancos** de Campos levarei grandes companhas, / e dar-vos-ei en ajuda todo-los de Val de Canhas* (“Don Rodrigo, moordomo, que ben pôs el-rei á mesa”, de Afonso X, 459.5) [Lapa, s.v. “poldranco = potro, ou cavaleiro montado em potro (?)”].

Por outro lado, temos no galego actual un sufixo *-az* apenas presente no adxectivo *ricaz*, que no entanto aparece “en substantivos medievais de carácter pexorativo, como *escudeiraz* (<escudeiro), *fumaz* (<fume), *infantaz* (<infante), *ricomaz* (<ricome)” (Ferreiro 1997: 179); nas *Cantigas de Santa María* (Mettmann 1981, s.v.) documéntanse algunhas destas palabras e outras máis, en ocasións lexicalizadas: *agraz* ‘zume de uvas verdes’ (*que x’ante’avian, sen mentir; / denteira como con agraz*, CSM 68.52), *escudeiraz* ‘pexorativo de escudeiro’ (*en Galiza un escudeiraz peon / que quis mui felon / brita-la eigreja con felonía*, CSM 317.4), *frocaz* (<froco) ‘hábito de frade, capuz’ (*o desfarei, pero que trage frocaz*, CSM 82.29), *fumaz* ‘calidade de fume’ (*daqueste fogo e de seu fumaz*, CSM 105.110), *prumaz* ‘peliza de plumas’ (*E metérona máis morta ca viva / na eigreja, vestida dun prumaz*, CSM 105.89). Este sufixo atéstase na poesía trobadoresca profana nunha cantiga satírica onde figura a palabra *ricomaz* (<ricome + *-az*, con valor depreciativo e/ou aumentativo) e

hipoteticamente pode figurar tamén na palabra *pescaz* da mesma cantiga en rima coa anterior, aínda que tal forma pode estar forzada por esa necesidade de rima:

–Un **ricomaz**, un **ricomaz**, / *que de maos jantares faz!* [...] / *Quen vee qual cozinha ten / de carne, se s'i non deten, / non poderá estremar ben / se x'est[e] carne, se **pescaz**.* / Un **ricomaz**, un **ricomaz**, / *que de maos jantares faz!* (“Un ricomaz, un ricomaz”, de Roi Paez de Ribela, 1456.1/1456.7/1456.12). [Lapa, s.v. “ricomaz = um bruto rico homem. O sufixo -az é fortemente pejorativo”; s.v. “pescaz = peixe, pescado”].

Por último, achamos nunha cantiga satírica un uso do sufixo *-ad-a* que se pode considerar colectivo-pexorativo, embora este último valor estea asociado directamente co significado da palabra a que se acrecenta, como costuma acontecer no galego actual con determinadas bases (*porcallada*, *rapazada*); trátase de *negrada* ‘conxunto de mouros’:

–En este son de **negrada** / farei un cantar / d'ũa sela canterlada, / liada mui mal (“En este son de negrada”, de Lopo Lias, 1359.1). [Lapa, s.v. “negrada = Son de negrada = música de mouros (?)”].

En conclusión, son poucos os sufixos pexorativos que agroman na poesía trobadoresca profana e todos nas composicións satíricas, o que vira razoábel por ser neste tipo de textos onde mellor se pode manifestar a expresividade da lingua popular, sen as rixideces dos xéneros amorosos. É probábel que estes poucos casos sexan só a punta do iceberg dun uso coloquial moito máis estendido. Cómpre insistir en que o valor depreciativo costuma acompañar tamén os sufixos aumentativos e inclusive os diminutivos, a depender o matiz significativo do contexto e da intencionalidade.

3.3. Os intensificadores

Como sufixo intensificador específico temos *-ísim-o/-ísim-a*, alén do valor intensificador de *-ñ-o* nalgúns casos Xúntase *-ísim-o* a bases adxectivas para formar o superlativo absoluto, característico da lingua culta e presenta a variante alomórfica *-im-o* en palabras especialmente cultas ao formaren o superlativo directamente sobre o étimo latino. Porén, este sufixo case non ten atestación na lingua medieval nin, por tanto, na poesía trobadoresca profana, onde *-inh-o* pode adquirir este valor intensificador sobre bases adverbiais (*manselinho*).

Non se atesta ningunha ocorrencia do sufixo *-ísim-o* no corpus trobadoresco profano e tampouco nas *Cantigas de Santa María* (vid. Mettmann 1981). Na nosa antoloxía da prosa literaria medieval (Freixeiro 1996c: 268) só se documenta *nobilísimo* na *Crónica de Santa María de Iria*. A través de TMILG localizamos oito casos de *-ísim-o* na lingua medieval:

–*Bernal domiñquez indigno et muyto mays **indignissimo** Cardeal de Santiago atendente os días* (Testamento, GHCD, cap. 95, 1387).

–*a nosso padron muy piadosso et **santissimo** apostolo señor Santiago que con todos* (id).

–*nos prsentadas huas letras do moy **santissimo** en Jesucristo padre et noso sennor* (Despacho, CDMACM, cap. 144, 1423).

–*comprou e redemeo por lo seu **Santissimo** sangue prezoso* (Testamento, HCIM, cap. 63, 1435).

–*Sabean todos que seendo o moy **reverendissimo** en Christo padre e sennor* (Constitución, SHIG, Sant. 22, 1439).

–*Et porla santa doutrina, cõ **ardentissimo** amor da santa fe cathollica* (prosa relixiosa, CI, cap. 5.4, 1460-1468).

–*Et esto se prova por aquella **novissima** degretal que .de [re] iudicata. abbate* (PX, TPc, cap. II.25, 1325-1375).

–*e seelado dos ditos dous seelos **antiquissimos**, que mandavan a min dito notario* (Apreciamento, MERS, cap. 211, s.d.)¹⁹.

Atéstanse, en troca, bastantes máis casos de *-issim-o*, vinte e cinco en total (dez datados xa nos primordios do século XVI), aínda que as palabras e os contextos en que aparecen costuman repetirse con frecuencia:

–*et viron prima facie que era **antiquissimo** aa qual escriptura antiga se devía* (Apreciamento, MERS, cap. 211, s.d.).

–*queiran ou devan aver espeçial et **espeçialissimo** mandato* (Poder, CDMACM, cap. 152bb, 1434).

–*Et morto Rrocesindo, rreynou Egiga, **nobilissimo** príncipe* (prosa relixiosa, CI, cap. 2.7, 1460-1468).

–*graçias que os Santos Padres et **ylustrisimos** Reys da casa de Castella deron* (Introdución, LTP, cap. [1], 1473).

–*graçias que os Santos Padres et **ylustrisimos** Reys da Casa de Castella deron* (Acordo?, VFD, cap. 88, 1473).

–*Seendo o **reverendisimo** en Christo padre e sennor don* (Constitución, SHIG, cap. Sant. 18, 1416).

–*Sabean todos que seendo o moy **reverendisimo** en Christo padre e sennor don* (Constitución, SHIG, cap. Sant. 19, 1431).

19 Hai outros tres rexistros en *-issim-o* que semellan corresponder ao sufixo nocional *-ism-o*, como se deduce de Lorenzo (1977: 398), s.v. ‘cristaissimo, cristiassimo’: *todolos altos omes et rreys de cristia[is]simo, et que lle pedia por merçee* (La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla, cap. 198, 1295-1312); *Exalçador de cristaissimo, abaixador de pagay[s]mo, muy omildoso* (id, cap. 633); *hũa das mayores sete [igleias] de [chistianissimo] de que fala Sam Iohan, apostolo* (Historia Troyana, cap. [2], 1350-1399).

Neste último texto, “Constitución”, aparecen máis dous casos so a mesma fórmula “moy reverendisimo en Christo”, con leves variacións e datados en 1435 e 1436. So a fórmula “Reverendisimo sennor” atéstanse outras catorce ocorrencias en diferentes textos documentais, catro delas datadas en 1485 e as dez restantes entre 1500 e 1506. En total son, por tanto, dezaoito os rexistros de *reverendisimo* que nos fornece o TMILG.

Como se pode ver, estas atestacións corresponden polo xeral ao período postrobadoresco, segunda metade do XIV e século XV, e prodúcense exclusivamente na prosa histórico-relixiosa e documental; a reiteración de *santissimo* ou *reverendisimo* pode ser unha mostra da dependencia do latín eclesiástico. Face á ausencia deste sufixo na poesía trobadoresca profana como fórmula de intensificación da propiedade expresada polo adxectivo, isto é, como superlativo sintético, proliferan nas cantigas os superlativos analíticos con *mui / moi*, en ocasións acompañando diminutivos en *-inh-o* ou *-elinh-o* en que no sufixo parece primar o valor afectivo: *mui fremosinhas pastores* (1278.2), *mui fraquelinha mulher* (1518.3), *a mui fremosinha d’Elvas* (1617.12). O sufixo diminutivo *-inh-o* sobre bases adverbiais xa apuntaba na poesía trobadoresca profana o valor intensificador que posúe no galego actual (Freixeiro 1996a: 103), como se pode ver en *indo-s’én manselinho* (864.26); tal carácter intensificador contrasta co ponderativo sobre bases adxectivas tanto no galego actual como no medieval: *sa voz manselinha fremoso dizendo* (735.2).

4. Conclusión

Nas páxinas precedentes analizouse o uso de sufixos apreciativos na poesía trobadoresca profana e constatouse a súa baixa presenza neste ámbito literario, e en xeral en toda a produción escrita do período medieval, que con certeza non se debía de corresponder coa que esas unidades expresivas posuían na fala popular. Aínda así, os valores asumidos por eses sufixos son bastante coincidentes cos que posúen no galego contemporáneo, a depender sempre a súa interpretación do contexto de aparecemento e dunha intencionalidade autorial difícil de avaliar en cada caso concreto. No conxunto de sufixos apreciativos operantes na poesía trobadoresca profana agroman con forza e acaban por se impor *-inh-o* e *-on*, que polarizan as dúas faces da apreciación avaliativa que realizan, positiva o primeiro e negativa o segundo en liñas xerais, con todos os matices e excepcións que se puideren establecer.

No entanto, neste traballo dividíronse os sufixos apreciativos en diminutivos, aumentativos, pexorativos e intensificadores, de modo que, a pesar de os valores significativos se mesturaren e confluíren en moitas ocasións, convén tirar algunhas conclusións sobre cada un destes grupos. Canto aos diminutivos, se ben que nun principio na lingua medieval competiron *-el-o* e *-inh-o* polo dominio neste ámbito

da expresión, a poesía trobadoresca profana xa nos confirma o triunfo definitivo do segundo, a ficar o primeiro só produtivo na combinación *-elinh-o*, onde parece actuar máis como reforzo de diminución que como auténtico sufixo diminutivo, papel desempeñado por *-inh-o* con todas as súas posibilidades expresivas. Após este, apenas *-et-e/-et-a* ten presenza contrastada como sufixo diminutivo na poesía trobadoresca profana, en canto outros como *-ot-*, *-ol-*, *-ech-/och-/uch-/ich-*, *-ac-/ic-/oc-/uc-*, *-alh-/elh-/olh-/ulh-/ilh-* ou *-it-* ben non presentan ningunha ocorrencia, ben figuran só en formas lexicalizadas ou ben presentan unha dubidosa interpretación como sufixos apreciativos con valor pexorativo en ocorrencias singulares, de modo que se pode afirmar que non funcionan como sufixos diminutivos produtivos nese corpus textual. Canto aos aumentativos, *-on* é totalmente dominante, sen a concorrencia de competidores, a mesturar con frecuencia o valor aumentativo co depreciativo, que por veces parece imporse. Son propiamente pexorativos na poesía trobadoresca profana *-ach-o/-ach-a*, *-uç-a*, *-anc-o* e *-az*, aínda que só se atestan en unha única ocorrencia ou en dúas como máximo. Con relación ao sufixo intensificador *-issim-o*, non se documenta na poesía trobadoresca profana, embora comece a aflorar a súa presenza en textos en prosa de finais do período medieval.

A respecto dos xéneros, os sufixos aumentativos e pexorativos aparecen de modo exclusivo nas cantigas de escarnio e maldizer, onde tamén se atestan as poucas ocorrencias de *-et-*, en canto as formas en *-inh-* e *-elinh-* se distribúen entre os tres xéneros, cunha menor presenza de *-inh-* nas de amor. En xeral pódese dicir que a reprodución da lingua popular e dun ambiente íntimo, coloquial ou afectivo favorece a presenza de sufixos apreciativos (cantigas satíricas e amorosas de refrán), en canto a rixidez formal e o ambiente cortesán a dificultan (cantigas amorosas de mestría).

Por último, a partir do noso corpus de cantigas trobadorescas, ampliábel a outros textos medievais utilizados como testemuños de contraste e comparación, tamén se debe concluír que canto máis serodios foren os textos, máis probábel será que conteñan palabras con sufixación apreciativa, o que demostra que o uso popular destes sufixos se foi incorporando con bastante atraso e timidamente á lingua escrita.

Referencias bibliográficas

- Alonso, Amado (1982): “Noción, emoción, acción y fantasía en los diminutivos”, en *Estudios lingüísticos. Temas españoles*, 161-189 (Madrid: Gredos).
- Alonso Núñez, Aquilino S. (1999): “Os sufixos nominais diminutivos *-iñ-o* / *-iñ-a*, *-it-o* / *-it-a* e *-ic-o* / *-ic-a* na fala do Concello de Castrelo do Val”, *Cadernos de Lingua* 20, 127-143.

- Alonso Núñez, Aquilino S. (2000): “Os sufixos nominais diminutivos do galego actual”, *Verba* 27, 133-174.
- Alonso Núñez, Aquilino S. (2004): “Aproximación á sufixación diminutiva non verbal a través dun corpus textual medieval”, en Rosario Álvarez / Antón Santamarina (eds.): *(Dis)curso da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, 9-34 (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega).
- Álvarez, Rosario (2001): “Gramática contrastiva do portugués e o galego: o diminutivo”, en Luís Iglesias Rábade & Susana M. Doval Suárez (eds.): *Studies in Contrastive Linguistics. Proceedings of the 2nd International Contrastive Linguistic Conference. Santiago de Compostela, October 2001*, 91-107 (Santiago de Compostela: Universidade).
- Álvarez, Rosario (2009): “*En sa voz manseliña*. Contribución ó estudo do diminutivo en galego medieval”, en Mercedes Brea (coord.): *Pola melhor dona de quantos fez nosso Senhor. Homenaxe á Profesora Giulia Lanciani*, 23-35 (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).
- Allen Jr., Joseph H. D. (1941): *Portuguese Word-Formation with Suffixes*, Suplement to *Language* 17/2, 3-143.
- Brea, Mercedes (coord.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa*, 2 vols. (Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades - Xunta de Galicia).
- Carballo Calero, Ricardo (1979) [1966]: *Gramática elemental del gallego común* (Vigo: Galaxia).
- Carré Alvarellos, Leandro (1967): *Gramática Gallega* (Coruña: Moret).
- Catalán, Diego (1989): “La toponimia y la re-romanización de Hispania. El ejemplo del diminutivo”, en *Las lenguas circunvecinas del castellano*, 207-253 (Madrid: Paraninfo).
- Cunha, Antônio Geraldo da (1991): *Dicionário Etimológico Nova Fronteira da Língua Portuguesa* (Rio de Janeiro: Nova Fronteira).
- Ferreiro, Manuel (1997): *Gramática histórica galega II. Lexicoloxía* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Ferreiro, Manuel (dir.) (2014-): *Glosario da poesía medieval galego-portuguesa* [GLOSSA]. Universidade da Coruña <<http://glossa.illa.udc.es>>
- Ferreiro, Manuel / Martínez Pereiro, Carlos P. / Tato Fontañá, Laura (2007): *Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa* (A Coruña: Universidade da Coruña).
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1996a): *Os diminutivos en galego* (Vigo: A Nosa Terra).

- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1996b): “O diminutivo entre a Galiza e Portugal”, en Juan M. Carrasco González / Antonio Viudas Camarasa (eds.): *Actas del Congreso Internacional Luso-Español de Lengua y Cultura en la Frontera (Cáceres, 1 al 3 de diciembre de 1994)*, vol. 2, 101-121 (Cáceres: Universidad de Extremadura).
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (ed.) (1996c): *Antoloxía da prosa literaria medieval* (Vigo: A Nosa Terra / AS-PG).
- González Fernández, Isabel (1978): *Sufijos nominales en el gallego actual* (Santiago de Compostela: Universidade, Anexo 11 de *Verba*).
- Huber, Joseph (1986) [1933]: *Gramática do português antigo* (Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian).
- Lapa, Manuel Rodrigues (1995): “Vocabulário”, en Manuel Rodrigues Lapa (ed.): *Cantigas de’escarnho e mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*, 289-392 (Vigo / Lisboa: Ir Indo Edicións / Edições João Sá da Costa).
- Lorenzo, Ramón (1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla. II Glosario* (Ourense: Instituto de Estudios Orensanos ‘Padre Feijoo’).
- Martins, Nilce Sant’Anna (1989): *Introdução à estilística* (São Paulo: T. A. Queiroz).
- Mettmann, Walter (1981): “Glosario”, en Walter Mettmann (ed.): *Afonso X, O Sabio: Cantigas de Santa Maria*, vol. 2, 423-752 (Vigo: Xerais).
- Novais, António Afonso A. (2003): “A origem do diminutivo: uma hipótese”, *Revista Portuguesa de Humanidades* 7, 91-111.
- Nunes, José Joaquim (1928-29): “Contribuição para um dicionário da língua portuguesa arcaica”, *Revista Lusitana* 27, 5-79.
- Nunes, José Joaquim (1989): *Compêndio de gramática histórica portuguesa* (Porto: Clássica Editora).
- Pérez Barreiro, Rafael (1931): “Algo sobre diminutivos gallegos”, *Boletín de la Real Academia Gallega* 20, 317-320.
- Saco Arce, Juan Antonio (1967) [1868]: *Gramática gallega* (Ourense: Gráficas Tanco).
- Skorge, Sílvia (1956/1957/1958): “Os sufixos diminutivos em português”, *Boletim de Filologia* 16 (1956/1957), 50-90 e 222-305; 17 (1958), 20-53.
- TMILG = Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Língua Galega* (Santiago de Compostela: Instituto da Língua Galega) [<http://ilg.usc.es/tmilg>]. [12-23/12/2007].
- Zamora Vicente, Alonso (1974): *Dialectología española* (Madrid: Gredos).